

Un estudo numérico dos documentos de Montederramo

José Enrique Benlloch Castiñeira

Resumo

Neste artigo estudamos algúns aspectos métricos, estatísticos e de contido dos documentos do mosteiro de Montederramo. Un fondo documental galego que percorre a Idade Media ininterrompidamente durante máis de catro séculos permitíndonos coñecer doazóns, compras, testamentos, preitos, etc. A través das cifras que mostraremos, obteremos unha ollada resumida da cerna e das características dos escritos.

Palabras clave:

Mosteiro, Galicia medieval, toponimia, antroponimia, métricas, estatísticas, cartas, foros.

Abstract

In this article we study some of the metric, statistical and content aspects of the Montederramo monastery documents. A Galician documentary collection that runs throughout the Middle Ages for more than four centuries, allowing us to know about donations, purchases, wills, lawsuits, etc. Through the figures shown we will get a brief overview of the core and characteristics of the writings.

Keywords

Monastery, medieval Galicia, toponymy, anthroponymy, metrics, statistics, charters, emphyteusis.

Résumé

Dans cet article, on étudie certains aspects métriques, statistiques et liés au contenu des documents du monastère de Montederramo. Un patrimoine documentaire galicien qui englobe tout le Moyen Âge depuis plus de quatre siècles, ce qui nous permet de connaître les dons, les achats, les testaments, les procès, etc. À travers les figures présentées, nous obtiendrons une synthèse du coeur et des caractéristiques des écrits.

Mots-clés

Monastère, la Galice médiévale, toponymie, anthroponymie, métrique, statistiques, titre de propriété, emphytéose.

1. Contexto

En setembro de 2019 o Consello da Cultura Galega (CCG) publicou *Mosteiro de Montederramo. Colección documental e índices*¹, unha obra esencial para o coñecemento da lingua galega, así como do propio país, no medievo. Coa autoría de Ramón Lorenzo Vázquez e Maka Pérez e índices de Pilar Rodríguez Suárez, Mercedes Vázquez Bertomeu e Silvia Viso Pérez, este título contén a edición de toda a colección documental do mosteiro ourensán², desde o documento máis antigo conservado, do 15 de marzo de 1124, ata os últimos escritos en pergamiño da segunda metade do século XVI; en total 1.906 documentos, incluíndo dúas cartas executorias, unha de 1520 e outra de 1606, nas que se reproducen moitos documentos anteriores.

Na nosa análise tentamos modestamente achegar explotacións, de carácter numérico, adicionais ás contidas nese volume, na confianza de que o público en xeral e os investigadores de áreas como a filoloxía, a historia ou o dereito, entre outras, descubran este tesouro documental e o estuden, e facémolo grazas á cortesía do CCG no acceso á información. Iremos alén dos rexistros de nomes de persoas³ e de lugares⁴ contidos na edición

1 Publicación completa dispoñible para a súa descarga nun só documento PDF.

2 A maior parte dos documentos que teñen que ver co mosteiro de Montederramo consérvanse no Arquivo da Catedral de Ourense, no Arquivo Histórico Provincial de Ourense e no Arquivo Histórico Nacional de Madrid (Sección de Clero-Regular Secular).

3 No máis recente conxunto son 11.502 antropónimos os indexados.

4 Polas contas máis recentes indexáronse 3.147 topónimos.

da devandita institución⁵, cuxos índices se xeraron a partir da base de datos realizada polo mesmo autor do presente artigo.

2. O criterio temporal

Unha primeira aproximación xeral que nos interesa ver motu proprio é a cronolóxica, xa que nos permite non só acoutar as marxes do conxunto senón identificar os períodos de maior e menor actividade.




Ilustración 1. Cantidade de documentos de Montederramo por década.

O momento álxido coincide coa década 1330-1339, na que se deron 169⁶ documentos . De feito esta década contén os dous anos soltos de máxima produción: 1331 co récord absoluto de 48 documentos e 1333 con 34. No terceiro e cuarto lugar dos anos máis prolíficos encontramos o bienio 1274-75, no cal o primeiro achega 31 e o segundo 32 escritos, sumando entre

- 5 Froito de décadas de traballo e da contribución de especialistas de varias áreas, sae en soporte mixto de papel e de disco compacto. O disco contén a edición dixital da Colección documental do Mosteiro de Montederramo, con todos os textos transcritos integramente, e dous extensos índices, o antroponímico e o toponómico. O libro leva as presentacións, notas de carácter histórico, as normas de transcrición, consideracións lingüísticas e dous mapas xeográficos –un a escala europea e outro centrado na actual provincia de Ourense- que nos permiten visualizar onde foron outorgados os documentos, quer en capitais continentais (desde Sevilla a Lyon, desde Roma a Lisboa), quer en localidades da contorna de Montederramo, mesmo ultrapasando a actual fronteira con Portugal.
- 6 Aínda que formalmente as décadas se adoitan considerar desde o ano primeiro ao décimo (e. g. 1331-1340), tomamos a licenza de contar por decenios asumindo que comprenden desde o décimo precedente até o noveno ano (e. g. 1330-1339).

os dous nada máis e nada menos que 63. Aínda na trintena de pezas está o 1312 AD. Nunha ollada máis macro, dos vinte e cinco anos unitarios con máis documentos, todos pertencen quer ao século XIII, quer ao XIV, salvo un único caso: 1510, no que se deron catorce rexistros.

O conteo por séculos deita este resultado⁷:

- século XII: 42 documentos
- século XIII: 554 documentos
- século XIV: 825 documentos
- século XV: 345 documentos
- século XVI: 78 documentos
- século XVII: 1 documento
- s.d.: 61 documentos

Os 61 sen data divídense en dúas casuísticas:

26 documentos dos que hai algunha data de referencia...

35 documentos dos que hai un rango cronolóxico de referencia...

...mais en ambos os casos sen completitude ou certeza abonda como facela constar como data do mesmo.

3. O criterio xeográfico

3.1 Da perspectiva do outorgamento

A segunda valoración que queremos facer é o conteo das coordenadas espaciais onde se deron os documentos. Os textos poden mencionar unha pluralidade de lugares pero o máis importante deles é o do outorgamento, único por escrito. En total son 89 os lugares de outorgamento dos escritos.

7 Á hora de contar por séculos, por coherencia co sinalado antes, consideramos o ano rematado en dobre cero como o primeiro da centuria. Só hai dous conxuntos de documentos afectados por esta circunstancia: seis escritos dados no ano 1300 e dous de 1400. A cantidade é matematicamente irrelevante respecto do total (proporcionalmente representa menos do cinco por mil).



Ilustración 2. Localización dos outorgamentos dos documentos de Montederramo.

Ordenamos os lugares onde se deron os documentos de maior a menor cantidade de manuscritos outorgados e, dentro das cantidades coincidentes, alfabeticamente:

Cant. ⁸	Lugar ⁹	Localización administrativa actual ¹⁰		
630	Montederramo	municipio de Montederramo	comarca da Terra de Caldelas	provincia de Ourense
44	Ourense	c ^a de Ourense		pr ^a de Ou
40	Allariz	c ^a de Allariz-Maceda		pr ^a de Ou
24	Manzaneda	c ^a da terra de Trives		pr ^a de Ou
19	Castro Caldelas	c ^a da Terra de Caldelas		pr ^a de Ou
8	Tamagos	m ^o de Verín	c ^a de Verín	pr ^a de Ou
6	Monforte de Lemos	c ^a da Terra de Lemos		pr ^a de Lugo
6	Valladolid	pr ^a de Valladolid		CA de Castela-León

8 Cantidade de documentos outorgados en cada lugar.

9 Do outorgamento.

10 Cando se trata de terras, de antigas xurisdicións ou doutros topónimos históricos non vixentes/existentes, indícanse coa palabra hoxe. Nese casos o encadre administrativo actual só se pon para que o lector saiba onde quedaba; obviamente trátase de dous marcos espaciais asíncronos.

3	León	prª de León			CA de Castela-León
3	Madrid	prª de Madrid			CA de Madrid
3	Roma	rexión do Lacio			ITALIA
3	Segura [terra, antiga xurisdición]				hoxe na prª de Ou.
2	A Pobra do Brollón	cª da Terra de Lemos			prª de Lu.
2	Aviñón	rª da Provenza-Alpes-Costa Azul			FRANCIA
2	Bragança	distrito de Bragança			PORTUGAL
2	Burgos	prª de Burgos			CA de Castela-León
2	Chaves	dº de Vila Real			PORTUGAL
2	Convento de Santo Adrao	pª de Barxacova	mº de Parada de Sil	cª da Terra de Caldelas	prª de Ou.
2	Monforte de Rio Livre	pª de Águas Frias	mº de Chaves	dº de Vila Real	PORTUGAL
2	Nocedo do Val	mº de Castrelo do Val		cª de Verín	prª de Ou.
2	Palencia	prª de Palencia			CA de Castela-León
2	Portela	pª da Pena	mº de Xinzo de Limia	cª da Limia	prª de Ou.
2	Rieti	rª do Lacio			ITALIA
2	Santarém	dº de Santarém			PORTUGAL
2	Santiago de Compostela	cª de Santiago de Compostela			prª da Coruña
2	Sevilla	prª de Sevilla			CA de Andalucía
2	Torbeo	mº de Ribas de Sil		cª de Quiroga	prª de Lu.
2	Verona	rª do Véneto			ITALIA
1	A Casalta	pª de Chandrexa	mº de Parada de Sil	cª da Terra de Caldelas	prª de Ou.
1	A Couzada	pª da Costa	mº de Maceda	cª de Allariz-Maceda	prª de Ou.
1	A Granxa Vella	pª de Labrada	mº de Guitiriz	cª da Terra Chá	prª de Lu.
1	A Teixeira	pª de Castro de Escuadro	mº de Maceda	cª de Allariz-Maceda	prª de Ou.
1	Abeleda	mº da Teixeira		cª da Terra de Caldelas	prª de Ou.

1	Alcázar de Milmanda	mº de Celanova		cª da Terra de Celanova	prª de Ou.
1	Anagni	rº do Lacio			ITALIA
1	Argemil da Raia	pª de Travancas e Roriz		dº de Vila Real	PORTUGAL
1	Arnúide	mº de Vilar de Barrio		cª da Limia	prª de Ou.
1	Arruás	pª da Alberquería	mº de Vilar de Barrio	cª da Limia	prª de Ou.
1	As Maus	mº de Vilar de Barrio		cª da Limia	prª de Ou.
1	Baños de Molgas	mº de Baños de Molgas		cª de Allariz-Maceda	prª de Ou.
1	Bidueira	mº de Manzaneda		cª de Terra de Trives	prª de Ou.
1	Celanova	pª de Cortegada	hoje mº de Sarreaus	cª da Limia	prª de Ou.
1	Chandrexá	mº de Parada de Sil		cª da Terra de Caldelas	prª de Ou.
1	Coimbra	dº de Coimbra			PORTUGAL
1	Cortegada	mº de Sarreaus		cª da Limia	prª de Ou.
1	Ferreiros	pª de Alais	mº de Castro Caldelas	cª da Terra de Caldelas	prª de Ou.
1	Forcas	mº de Parada de Sil		cª da Terra de Caldelas	prª de Ou.
1	Golpellás	mº de Paderne de Allariz		cª de Allariz-Maceda	prª de Ou.
1	Gomariz	pª de Baltar	mº de Baltar	cª da Limia	prª de Ou.
1	Illescas	prª de Toledo			CA de Castela-A Mancha
1	Lama	pª de Coucieiro	hoje mº de Paderne de Allariz	cª de Allariz-Maceda	prª de Ou.
1	Lión	rº de Auvernia-Ródano-Alpes			FRANCIA
1	Lisboa	dº de Lisboa			PORTUGAL
1	Lobios	pª de Lobios	mº de Sober	cª da Terra de Lemos	prª de Lu.
1	Lugo	cª de Lugo			prª de Lu.
1	Maceda	pª de Montecubeiro	mº de Castroverde	cª de Lugo	prª de Lu.
1	Marrubio	mº de Montederramo		cª da Terra de Caldelas	prª de Ou.
1	Medina del Campo	prª de Valladolid			CA de Castela-León

1	Melias	mº do Pereiro de Aguiar		cª de Ourense	prª de Ou.
1	Mendoia	mº da Pobra de Trives		cª da Terra de Trives	prª de Ou.
1	Mirandela	dº de Bragança			PORTUGAL
1	Mosteiro de San Vicente	mº de Monforte de Lemos		cª da Terra de Lemos	prª de Lu.
1	Nocelo da Pena	mº de Sarreaus		cª da Limia	prª de Ou.
1	Nogueira	mº de Montederramo		cª da Terra de Caldelas	prª de Ou.
1	O Hospital	mº de Quiroga		cª de Quiroga	prª de Lu.
1	O Val de Lobo	pª de Seoane Vello	mº de Montederramo	cª da Terra de Caldelas	prª de Ou.
1	Pedrafita	mº da Teixeira		cª da Terra de Caldelas	prª de Ou.
1	Pontevedra	cª de Pontevedra			prª de Pontevedra
1	Rebordãos	mº de Bragança		dº de Bragança	PORTUGAL
1	Refoxo	mº de Sober		cª da Terra de Lemos	prª de Lu.
1	Ribadavia	cª do Ribeiro			prª de Ou.
1	Ribas de Sil	mº de Ribas de Sil		cª de Quiroga	prª de Lu.
1	Rubián	mº de Bóveda		cª da Terra de Lemos	prª de Lu.
1	Sacardebois	mº de Parada de Sil		cª da Terra de Caldelas	prª de Ou.
1	Siena	rª da Toscana			ITALIA
1	Sistín	mº da Teixeira		cª da Terra de Caldelas	prª de Ou.
1	Torquemada	prª de Palencia			CA de Castela-León
1	Tui	cª do Baixo Miño			prª de Pontevedra
1	Valdegua	mº de Maceda		cª de Allariz-Maceda	prª de Ou.
1	Valdeorras [terra, antiga xurisdición]				hoxe na prª de Ou.
1	Vences	mº de Monterrei		cª de Verín	prª de Ou.
1	Veredo	pª de Paredes	mº de Montederramo	cª da Terra de Caldelas	prª de Ou.
1	Viana do Bolo	cª de Viana			prª de Ou.

1	Vila de Rei	mº de Trasmiras		cª da Limia	prª de Ou.
1	Vilachá	mº da Pobra do Brollón		cª da Terra de Lemos	prª de Lu.
1	Vilaragunte	mº de Paradela		cª de Sarria	prª de Lu.
1	Vilaranda Boa	pª de Friões	mº de Valpaços	dº de Vila Real	PORTUGAL
1	Villalpando	prª de Zamora			CA de Castela-León
1	Xunqueira de Ambía	mº de Xunqueira de Ambía		cª de Allariz-Maceda	prª de Ou.

3.2 Da perspectiva das mencións

De 3.147 localizacións mencionadas, as 27 máis frecuentemente ditas na documentación (entre 45 máximo e 17 veces mínimo¹¹ cada unha delas) son:

Nº de mencións	Freguesía actual ou lugar concreto nela; ou, no defecto de ambos, espazo. Con advocación onde procede.	Concello actual	Provincia actual
45	Mosteiro de Montederramo, Santa María	Montederramo	Ourense
29	Sacardebois, San Martiño	Parada de Sil	Ourense
29	Santiso, Santa María	Maceda	Ourense
27	Galicia (reino)		
27	Vilachá, San Mamede	A Pobra do Brollón	Lugo
26	Costa de Asadur, A (antiga xurisdición)		Ourense
25	Chandrexá, Santa María	Parada de Sil	Ourense
25	Manzaneda, San Martiño	Manzaneda	Ourense
25	Vilardecás, San Xoán	Maceda	Ourense
23	Chandrexá (couto)	Parada de Sil	Ourense
22	Lumearas, San Salvador	A Teixeira	Ourense
22	Ourense (bispado)		
21	Seoane; San Martiño de Manzaneda, San Martiño	Manzaneda	Manzaneda
20	Coucreiro, San Vicente	Paderne de Allariz	Ourense
20	Ivedo, O; Vilachá, San Mamede	A Pobra do Brollón	Lugo
19	Castro de Escuadro, Santa Baia	Maceda	Ourense
19	Gabín, San Pedro	Montederramo	Ourense
18	Limia, terra (antiga xurisdición)		Ourense
18	Sil (río)		

11 O limiar de dezasete fixémoslo arbitrariamente por abreviar a listaxe. A completa témola ao dispor dos investigadores que a soliciten e o mesmo se pode dicir das demais deste artigo.

18	Souto Vermui (antiga xurisdición)		Ourense
17		Castro Caldelas	Ourense
17	Covas, San Xoán	Montederramo	Ourense
17		Manzaneda	Ourense
17	Marrubio, Santo André	Montederramo	Ourense
17	Ribas de Sil, Santo Adrao (granxa); Barxacova, San Lourenzo	Parada de Sil	Ourense
17	Viloxe; Montederramo, San Cosme	Montederramo	Ourense
17	Mosteiro de Xunqueira de Espadanedo, Santa María	Xunqueira de Espadanedo	Ourense

Alén dos tres mil cen topónimos, no proxecto do CCG apuntáronse 6.726 variantes toponímicas. P. ex. entre os tres mil está o topónimo *Zos*¹², o cal aparece nos orixinais coas variantes *Oçðes*, *Oçðos*, *Zooes*, etc. no medio das seis mil.

Ademais 737 das variantes danse en relación con máis dun topónimo. Por exemplo, hai sete Paaço diferentes, cada un deles aludindo a un lugar xeográfico distinto.

4. Métrica elemental dos documentos

A extensión do documento máis breve está arredor dos 337 caracteres con espazos, que é o rango do escrito número n.º 47, datado c. 1200. O documento maior vaixe a uns 93.990 caracteres, medida¹³ que nos dá o documento n.º 1.887, unha carta executoria do ano 1606.

Os valores estatísticos para as extensións dos documentos que damos son estimados porque esa medición, aparentemente sinxela, conleva decisións perante numerosas interferencias, en contraste co que sería un texto *puro* (sen notas ao pé numeradas, aclaracións, indicacións de *sic*), palabras incompletas, etcetera). Experimentando cun par de aproximacións distintas á cuestión¹⁴, e pendentes de depurar o proceso no futuro, estimamos que a media de número de caracteres (con espazos e puntuación) por documento vai estar nos 2.800-2.900 símbolos e brancos, a moda pola volta de 1.200-1.700, a mediana entre 2.300-2.400 e a desviación típica en 3.300-3.400 caracteres con espazos.

12 Así escrito na norma oficial actual.

13 Estes dous valores, mínimo e máximo, son aproximados; o máis achegados posible obviando as marcas significativas /, [,] e boa parte das numeracións de notas a rodapé, mais si contando os espazos en branco e demais signos de puntuación, así como as referencias aos folios, tipo (*Fol.* 237v).

14 Con certas diferenzas canto á consideración das sinalizacións dos escritos. Ademais nunha versión tomando os 1.906 documentos e na posterior considerados só 1.899.

Vexamos agora como evoluciona a extensión dos escritos no tempo:




Ilustración 3. Media, por década, da extensión aproximada dos textos, a partir da década de 1120 até a de 1560¹⁵.

Obsérvase que a tendencia global é ao crecemento paulatino a pesar de avances e retrocesos puntuais mais tamén que, valorados no contexto das respectivas décadas inmediatamente precedentes e posteriores, existen dous momentos atípicos: un na década de 1160, por exceso, e outro na de 1550, por defecto. As causas de senllas desviacións son respectivamente un documento (o n.º 21) moi extenso, dado en Siena (Italia) en 1163, no cal o papa concede posesións de varias granxas ao mosteiro de Montederramo, e outro moi curto de 1559, o n.º 1.877, polo que un veciño de Cortegada vende propiedades ao convento.

O crecemento está confirmado pola liña de tendencia que observamos no seguinte gráfico, onde non se consideran medias de tamaño por década como faciamos no anterior, senón directamente a extensión de cada un dos 1.843 documentos datados, excluíndolles iso si os valores atípicos das dúas cartas executorias, e vistos todos por orde cronolóxica.

¹⁵ Excluindo os valores atípicos das dúas cartas executorias: documentos n.º 1.881 e 1.887.




Ilustración 4. Extensión aproximada de case todos textos, do s. XII ao XVI, e tendencia global.

Vista a gráfica ampliada, obsérvase que se parte á esquerda dunha marca por baixo dos dous mil caracteres e se acada a dos catro mil no extremo dereito da regresión.

5. Asuntos dos documentos

De que tratan os documentos no seu conxunto? Non podemos de xeito inmediato dar unha resposta cuantificada a posteriori, carecendo como é o caso dunha descrición de materias segundo tesouro predefinido. Non obstante, en ausencia de metadatos propiamente ditos, imos ver o que podemos tirar en limpo da información a partir de dúas fontes: os sumarios e os textos orixinais.

5.1 Da perspectiva das presentacións

Unha fonte informativa secundaria mais ben orientativa para tal fin é valorarmos cales son as palabras chave máis frecuentes nas descricións sintéticas que os investigadores contemporáneos fixeron de cada un dos 1.906 documentos antigos. Lembremos que estas foron redactadas polas persoas que mellor coñecen este fondo documental. Deixando fóra antropónimos e topónimos (Montederramo é, como era previsible, a palabra máis veces repetida) os vocábulos –illados e significativos¹⁶- máis frecuentes nos resumos son (por orde alfabética e co seu número de aparicións¹⁷) os que listamos a seguir:

- 16 Maiormente substantivos, adxectivos cualificativos e verbos, aínda que tamén se inclúe a proposición contra porque na maior parte das ocasións é indicadora de conflitos de diverso tipo: polo menos oito demandas, dúas protestas e unha apelación. Outras poucas veces úsase para indicar proximidade xeográfica.
- 17 Cando estas superan o límite da vintena, o cal fixamos arbitrariamente na presente exposición para que tampouco esta listaxe sexa excesivamente longa.

720	abade/s	43	doazón/s ²⁸
20	aforada/o/s	71	don
720	afóra/n/lle/s ¹⁸	72	dona
62	aldea/s	26	entréga/n/lle ²⁹
63	antiga/s	48	escudeiro/s
20	avinza	167	filla/o/s
27	bacelo	26	folios/s
30	bens	51	foreira/o/s
67	cabaleiro/s	37	foro/s
37	cabana/s	515	freguesía/s
22	cambio ¹⁹	777	frei
106	carta/s	51	granxa/s ³⁰
79	casal, casais ²⁰	544	herdade/s
181	casa/s	136	herdamento/s ³¹
268	casar/es ²¹	84	igrexas/s ³²
28	chaman ²²	42	inclúe/s
66	clérigo	114	irmá/n/s
36	confirma/n/lle ²³	236	leira/s ³³
21	contra	51	leiro/s
23	copia/s	226	lugar/es
20	cortiña/s ²⁴	21	manda/lle/s ³⁴
86	couto/s ²⁵	97	marido/s
239	dá/n/lle/s ²⁶	91	metade
20	décimo/s	67	monte/s ³⁵
33	déixa/lle ²⁷	51	monxe/s
22	demanda/s	24	morador/a/es
47	dereito/s	34	morte/m ³⁶
		979	mosteiro/s

18 Hai outras formas do verbo. E a maiores dez *subafóra/n/lle/s*.

19 19 dos 22 casos correspóndense á expresión *a cambio* (doutra cousa).

20 Noutros catro casos *Casal* non é substantivo senón parte doutros tantos topónimos.

21 Noutra vintena de casos *Casar/es* é parte de topónimos.

22 Fórmula que precede a topónimos.

23 Ademais, hai once *confirmación/s* ou *confirmado/a/s*.

24 Noutros once casos a palabra conforma topónimos.

25 Á parte, sete topónimos.

26 Hai tamén adxectivos *dada/o/s* e máis formas do verbo.

27 Hai outras formas do verbo.

28 Hai outras formas do verbo.

29 Hai outras formas do verbo.

30 Ademais, hai oito topónimos.

31 A maiores, hai unha ducia de *herdanza/s* e varias formas do verbo *herdar* e dos adxectivos *herdeira/o/s*.

32 Á parte, catro *igrexario/s* e cinco *Igrexa* en topónimos e antropónimos.

33 Ademais, hai cinco topónimos e variantes do mesmo lexema como *leiriño*, *leiroto*, *leirón*, etc.

34 E outras variantes, oito *mandas* e aínda máis sen contabilizar.

35 Ademais, forma parte de dezasete topónimos.

36 Suma de ocorrencias da palabra *morte* e da expresión *post mortem*.

21	muíño/s ³⁷	25	recibe/n ⁴³
891	muller/es	21	rei/s
25	nai	31	reitor
24	notario	38	renuncia/n
42	outorgamento ³⁸	29	sentenza
31	parte ³⁹	342	ten, teñen ⁴⁴
24	posúe/n ⁴⁰	54	termo/s
26	praza/s	47	terra/s
26	preito/s	31	terreo/s
22	presidente	56	testamento ⁴⁵
24	prior	122	traslado ⁴⁶
32	privilexio/s	36	usufruto
24	procurador/es ⁴¹	632	vénde/n/lla/e/s ⁴⁷
27	propiedade/s	66	vila/s ⁴⁸
59	queda/n ⁴²	269	viña/s ⁴⁹
74	quiñón	21	xuíz, xuíces ⁵⁰

37 Á parte, en oito topónimos.

38 Danse aínda máis casos, do verbo.

39 Ademais, *partilla* e *partición*/s.

40 Hai máis formas do verbo.

41 Máis once *procuración*.

42 Aínda hai máis formas do verbo.

43 Aínda hai máis formas do verbo.

44 Aínda hai moitísimas máis formas do verbo, porén este por si, ao ser tan xenérico, non dá moita información concreta.

45 Máis doce *testamenteira*/o/s, dous *testamental* e dous *testamentaria*.

46 Máis outras formas, do verbo e do adxectivo.

47 Máis moitas outras formas do verbo e nove *venda*.

48 Exclúense os topónimos *Vila*, *Vilar* etc.

49 Fóra quedan topónimos.

50 Hai tamén un par de *xuízo* e 17 *meiriño*/s.

5.2 Da perspectiva das transcricións

Tamén poderíamos directamente analizar os termos máis usados nos textos en si, transcritos dos orixinais, e non nas súas presentacións como acabamos de facer, mais a oscilación na escrita ao longo do tempo e perante a ausencia de normas ortográficas fixas na época –nas épocas– fai este labor máis complicado, xa sen entrar na transición de trazos entre latín, galego e castelán tal como os entendemos hoxe. Nese sentido, só unha tradución ou adaptación ortográfica homoxénea á norma vixente de todos os textos por igual fornecería de xeito automático resultados plenamente consistentes a posteriori.

En ausencia diso, o primeiro que debemos ponderar é se podemos ver unha mostra destacada ou se esta estaría por definición eivada, obrigándonos a valorar sempre o total. Para que a valoración fose totalmente coherente habería que analizar máis de 37.000 palabras; todas as do fondo documental. Podemos, si, fixar un rango para tomar unha mostra superior, das máis repetidas, mais sempre sendo conscientes de que por baixo do límite inferior deste van con toda probabilidade ficar variantes das mesmas⁵¹. Por exemplo, se ollamos aqueles termos que contan con algunha forma singular cun mínimo de duascenas aparicións, ficariamos cunhas 187 palabras significativas. Entre estas cun sentido autónomo hai 475 veces que se escribiu *moordomo*, porén non poderíamos ignorar que por baixo da liña de duascenas repeticións ficarían 193 usos de *mordomo* que realmente deben ser considerados, agregándoos á forma antedita. Aínda máis: o subconxunto correspondente debería incorporar tamén os 47 *mayordomo*, 21 *maiordomo*, 13 *maordomo*, 7 *moordomos*, 3 *mayordomos*, 2 *majordomo*, 1 *moorrdomo*, 1 *moordomo*, 1 *meordomo*. A isto nos referimos cando falamos do problema das variantes.

A pesar de todas as reservas enunciadas, si obtemos informacións orientativas grosso modo cun corte así, nas duascenas ou máis repeticións. A palabra máis veces (6.394) repetida é *carta*⁵², que nesta forma literal aparece máis do dobre de veces que a segunda da lista, *parte*, con 2.656, esta seguida moi de preto por *morauidís* e *frey*; veñen despois as formas exactas *abbade*, *rrey*, *ano* e *notario*, todas elas por riba das dúas mil duascenas mencións. Non obstante debemos facer as valoracións non literal senón agregadamente, como explicabamos antes, e consecuentemente a orde do segundo posto para baixo quedaría algo alterada:

5.291	moesteiro, moesteyro, monasterio, monesterio, mosteyro, mosteiro
4.565	ffrey, frey
4.351	dom, domno, don
3.817	ano/s
3.710	abade, abbad, abbade

51 Ademais non se podería excluir, sen contalas todas, que algunha palabra omitida supere o mínimo arbitrario se se agregaren as súas variantes.

52 Á que lle sumariamos 242 *cartam*, 536 *cartas*, etc.

- 3.366 parte/s
- 3.255 rey, rrey, Rrey
- 2.991 presença, presente, presentes, presentente
- 2.958 día/s
- 2.852 morauídí/s
- 2.683 bees, bëes, bem, ben
- 2.568 lugar/es, logar
- 2.205 notario
- 2.146 conbento, conuento, convento
- 2.004 SIGNO, signo, ssigno
- 1.919 foro
- 1.797 dereito, dereyto/s⁵³
- 1.770 Testemoyas, Testimoyas, Testigos, testis
- 1.700 contra
- 1.545 muler, moller, muller
- 1.485 ffillo/s, fillo/s
- 1.414 outorgamento, outorgamos, outorgo
- 1.304 voz/es, uoz
- 1.283 venda, vendemos, vender, vendo
- 1.241 moeda
- 1.119 tenpo
- 1.081 casa/s, cassas
- 1.073 nome⁵⁴
- 1.036 herdade/s⁵⁵
- 1.026 morador/es
- 1.008 prior

A anterior listaxe daríanos supostamente os termos agrupados con máis de mil aparicións. As seguintes palabras en frecuencia descendente serían *terra, h/ome, pëa/pena, peyte, monte/s, casar/es, f/firme, aforamos, clérigo, f/filla/s, mando, mes, persona/s, vina/viña, señor/Señor, público, mandado, uerdade/verdade, morte, diades, couto, dou, leyra, f/finamento, preço, Item e dona*; todas por riba dos quíntos casos.

Contamos con poder máis tarde depurar esta primeira aproximación, reducirmos os seus erros e incertezas e obtermos resultados máis afinados; non obstante, xunto co apartado precedente e en parte co seguinte, permítenos obter unha panorámica xeral e expresiva do contido global do conxunto documental.

53 E escribiuse 215 veces *dereytura*.

54 Danse tamén 218 veces nomeado e 201 *nomear*.

55 Hai que considerar que existen ademais 989 aparicións de *herdamento/s*.

6. As descrições persoais⁵⁶

O fondo de Montederramo ten unha riqueza inmensa que nos permite ver a que se adicaban moitos galegos e galegas entre os séculos XII e XVI, e para termos unha idea xeral agrupamos os miles de descrições nun conxunto acoutado de termos.

Como complemento ao índice antroponímico publicado polo CCG na súa edición de 2019, parécenos interesante presentar este reconto dos títulos, roles e actividades coas que aparecen nel as persoas físicas descritas nos escritos de Montederramo. Os documentos dannos os nomes daquelas mulleres e homes implicados ou mencionados⁵⁷ mais adicionalmente en moitos casos engaden claves sobre quen eran e o que facían. Nesta epígrafe concentramos a nosa ollada neste último aspecto.

Son máis de once mil (11.502) as persoas directamente mencionadas nos documentos de Montederramo porén só sete mil delas (7.003) teñen unha descrição que permite a análise aquí exposta. O resto das entradas do índice antroponímico son unicamente nomes propios de persoas, sen –ou case sen- notas adicionais. Para usarmos expresións sinxelas, imos dicir que temos once mil persoas mencionadas (das que se di o seu nome) mais só sete mil persoas descritas (destas, alén do seu nome, dicíase o que eran: por dar dous casos, un criado ou unha infanta). As descrições poden ser múltiples, o nome dunha persoa pode ir acompañado non só dun rol senón de dous.

O resultado desta análise dá algo máis de trescentas categorías, que se mostran seguidamente por orde alfabética co número de casos que se contaron.

É importante subliñar, de novo, que a listaxe adxunta non se debe interpretar como un tesouro nin como un índice temático, senón como un simple reconto de termos e de sintagmas que aparecen xunto aos nomes das persoas mencionadas. Os documentos non foran primeiramente etiquetados nin se realizou neles unha criba temática a priori, de maneira que este tratamento automatizado –a posteriori- das mencions se aproxima máis ao que sería unha nube de etiquetas de uso común.

Estes son os criterios cos que se elaborou este contee e así debe ser comprendida a información que proporcionamos con ánimo divulgativo:

56 Este apartado ben podería ser un eventual terceiro subapartado (“5.3 Da perspectiva das descrições persoais”) do precedente (“5. Asuntos dos documentos”) mais, pola súa extensión e por ter entidade de seu, dámoslle destaque propio. Ademais, ao centrarse en mencions de persoas, os oficios ou actividades destas non teñen por que considerarse sempre cuestións clave no(s) asunto(s) do documento, visto este globalmente.

57 As formas orixinais dos nomes en si xa darían para un estudo lingüístico específico.

1. Os valores listados son aproximados, non necesariamente exactos. Resultan dun conteo automático masivo, afinado con aproximacións sucesivas coas que se pretende que se p. e. alguén é descrito como *amo de Estevo Paz, xuíz do rei en Limia* sexa contado como *amo* e non como *xuíz*, mención esta última que non lle corresponde. Finalmente un conxunto pequeno de datos particularmente complexos foron revisados manualmente.
2. Nas contas son redundantes algúns casos. Por exemplo, indicamos cantos *tenente* hai, incluíndo os *tenente do Préstamo*, e despois indicamos cantos hai destes últimos. A casuística é bastante complexa. Todos os *home de/a/o* (non se confunda con *marido de*) si inclúen os *home da abadesa* e os *home da raíña*, non obstante o conteo de *reis* loxicamente non inclúe os *pedreiro* ou *ferreiro* aínda que estes últimos conteñan a cadea pesquisada (*rei*).

O sumario en cifras é:

- 6.097 casos de descrições feitas cun termo masculino (e. g. *veciño*),
- 1.367 casos de descrições feitas cun termo feminino (e. g. *veciña*),
- fica entón a proporción home/muller en 82%/18%.
- Os termos neutros (e. g. *natural* ou *habitante*), presentes en poucos casos, contámoslos como masculinos porque efectivamente se corresponden a homes a maioría das veces.
- En total son 7.464 as descrições consideradas, independentemente do seu sexo.
- Agrupadas as iguais, de entre as 7.464, resultan 306 etiquetas distintas, que son as listadas.
- Un subconxunto subliñable é o de descrições que aluden a relacións de parentesco (e. g. *filla*, *avó*, etc.) e de relacións persoais (e. g. *mancebo*). En total son empregadas en 2.464 casos, unha terceira parte dos contemplados.⁵⁸

Os conteos anteriores poderíanse grosso modo entender como persoas físicas individuais, se consideramos que, por exemplo, non hai unha gran disparidade entre a cantidade de termos femininos e o número de mulleres. Mais stricto sensu prima outra valoración: aquelas persoas –que non son a maioría– que teñen unha descripción múltiple (p. e. *criado* de alguén e *veciño* dun lugar) estarán con toda probabilidade contadas máis dunha vez, por cada un dos seus roles, actividades ou características.

Tamén afecta ás contas o solapamento de categorías: os casos de *escribáns do rei* están contados dúas veces, unha pola súa categoría e outra polo termo xenérico *escribán*. Isto é porque nos pareceu relevante saber tamén, no caso, cantas veces se mencionan escri-

58 Poderíanse contemplar outras agrupacións lóxicas e dicotomías, por exemplo os perfís relixiosos en contraste cos segres.

báns en xeral, con independencia da súa clase concreta⁵⁹. Para deixar ben exposto que clases máis xenéricas (p. e. *chanceler*) inclúen na súa conta subcategorías específicas (p. e. *chanceler da raíña*), pomos as primeiras subliñadas e estas últimas –que van xusto despois das anteriores, pola orde alfabética- en cursiva.

A relación do total de descrições manexadas (7.464) respecto do total de referencias antroponímicas dotadas dalgunha descrição (as 7.003 persoas descritas, que dicimos antes) é un 107%, i. e. dase un moderado exceso, hai un 6,58% máis de descrições empregadas que de persoas físicas individuais ou, dito de xeito máis ortodoxo, de entradas antroponímicas calificadas.

Con relación a isto último, consideradas, quer as once mil persoas só mencionadas, quer as sete mil delas ademais descritas, debemos notar que en todo caso non se pode dar por sentada a identificación categórica con persoas físicas individuais. Non hai necesariamente unha relación unívoca entre cada entrada antroponímica e unha teórica persoa individual, xa que hipoteticamente se puido ter aludido a unha mesma persoa con máis dunha expresión antroponímica.

A listaxe componse de dúas columnas, a primeira ten o número de ocorrencias que demos contabilizado e a segunda o termo ou expresión por orde alfabética⁶⁰:

59 O mesmo para os demais casos particulares fronte aos xenéricos: os *chanceler do rei* están tamén contados nos *chanceler*, os *tenente do Préstamo* nos *tenente*, etc.

60 Somos conscientes de non ter lematizado o índice. Como a mostra é significativa mais non exhaustiva, con esa decisión quérese deixar constancia das formas si contadas, en contraste con outras obviadas que se mencionan –ou non- en nota a rodapé.

120	abade	1	borreiro
10	abadesa	140	cabaleiro
1	abrocador	6	cabezaleiro
1	acólito	12	camareiro
13	<u>adiantado</u>	1	campesiño
7	<i>adiantado maior</i>	11	cantor
1	aió	66	<u>capelán</u>
10	<u>alcaide</u>	1	<i>capelán da raíña</i>
2	<i>alcaide do rei</i>	3	<i>capelán do bispo</i>
50	<u>alcalde</u>	1	<i>capelán do Papa</i>
5	<i>alcalde do rei</i>	1	capitán
1	<i>alcalde no adiamento de Galicia</i>	9	<u>cardeal</u>
1	<i>alcalde ordinario</i>	5	<i>cardeal diácono</i>
28	alfaiate	4	<i>cardeal presbítero</i>
11	<u>alférez</u>	59	carniceiro
1	<i>alférez do emperador</i>	16	carpinteiro
6	<i>alférez do rei</i>	1	carteiro
2	alguacil	1	caseiro
1	almirante	1	castelán
1	almozarife	2	casteleiro
1	ama	1	celareira
7	amo	30	celeireiro
21	andador	1	cesteiro
2	apóstolo	7	<u>chanceler</u>
10	arcebispo	1	<i>chanceler da raíña</i>
39	arcediogo	1	<i>chanceler do emperador</i>
10	arcipreste	2	<i>chanceler do rei</i>
1	armeiro	1	<i>chanceler electo do rei</i>
1	armíxero	5	chantre
8	arquipresbítero	1	chaveiro da granxa
3	arrieiro	1	chegador de dereito
3	avenzal	1	cidadán
11	avó	1	cirurxián
6	avoa	512	<u>clérigo</u>
7	avogado	6	<i>clérigo da diocese</i>
2	bacharel	22	<i>clérigo do coro</i>
1	bailío	1	<i>clérigo prelado</i>
5	beneficiario	5	<i>clérigo racioneiro</i>
1	besteiro	1	<i>clérigo xurado</i>
93	<u>bispo</u>	1	clerizón
2	<i>bispo electo</i>	6	cociñeiro
1	boieiro	68	<u>cóengo</u>

4	<i>cóengo do mosteiro</i>	9	<i>escribán xurado</i>
1	colcheiro	160	<u>escudeiro</u>
2	comendador	11	<i>escudeiro do abade</i>
21	conde	2	<i>escudeiro do adiantado</i>
5	confeso	1	<i>escudeiro do arcediogo</i>
1	confesor	1	<i>escudeiro do bispo</i>
9	converso	5	escusador
1	copeiro	5	esmoleiro
1	corrixidor maior	1	espelleiro
1	cortador	1	estabulador
1	costeiro	4	estaleiro
1	couteiro	1	familiar
13	criada	27	ferreiro
80	<u>criado</u>	3	fiador
26	<i>criado do abade</i>	185	filla
1	cunheiro	456	fillo
3	cuñado	2	foreiro
1	cura	1	forneiro
1	cureiro	39	frade
3	curmá	1	freira
4	curmán	11	freire
3	deán	1	gardían
5	decano	7	granxeiro
1	demandador	1	guardés
4	diácono	1	habitante
4	dobreiro	3	herdeiro
4	dona	281	<u>home</u>
6	doutor	3	<i>home da abadesa</i>
1	duque	1	<i>home da raiña</i>
7	electo	2	hospitaleiro
3	emperador	2	infanta
1	emperatriz	7	infante
8	enfermeiro	84	irmá
1	eremita	130	irmán
134	<u>escribán</u>	8	labrador
1	<i>escribán da audiencia</i>	10	laico
1	<i>escribán das súas altezas</i>	3	leigo
1	<i>escribán das súas maxestades</i>	5	licenciado
4	<i>escribán de cámara</i>	6	manceba
14	<i>escribán do rei</i>	21	mancebo
2	<i>escribán público</i>	395	marido
1	<i>escribán real</i>	47	<u>meiriño</u>

15	<i>meiriño maior</i>	2	nuncio
8	<i>meiriño maior (...) en/de Galicia</i>	1	oidor do rei
23	mercador	1	oleiro
10	<u>mestre</u>	1	ourive
2	<i>mestre da/de obra</i>	1	ovenzal
3	<i>mestre da Orde</i>	127	pai
1	<i>mestre da zapataría</i>	8	papa
1	<i>mestre de conversos</i>	24	pedreiro
1	<i>mestre dos frades</i>	34	peleteiro
1	mestresala	2	persoeiro
3	mestrescola	3	<u>persegueiro</u>
8	mociño	2	<i>persegueiro maior</i>
2	moedeiro	1	pintor
5	<u>monteiro</u>	2	porcionario
2	<i>monteiro do rei</i>	2	porqueiro
3	monxa	9	<u>porteiro</u>
132	monxe	1	<i>porteiro do bispo</i>
628	morador	1	<i>porteiro do rei</i>
61	moradora	1	pousadeiro
37	<u>mordomo</u>	7	pregoeiro
3	<i>mordomo do abade</i>	110	prelado
1	<i>mordomo do bispo</i>	62	presbítero
3	<i>mordomo do emperador</i>	4	presidente [do mosteiro]
4	<i>mordomo do rei</i>	1	preso
1	mozo	4	prestameiro
845	muller	1	primo
81	nai	51	prior
17	natural	2	priora
5	neta	2	prisioneiro
9	neto	30	<u>procurador</u>
259	<u>notario</u>	9	<i>procurador do abade</i>
8	<i>notario apostólico</i>	1	<i>procurador do conde</i>
1	<i>notario do abade</i>	2	<i>procurador do rei</i>
2	<i>notario do bispo</i>	1	racioneira
1	<i>notario do emperador</i>	5	racioneiro
1	<i>notario do papa</i>	11	<u>raíña</u>
24	<i>notario do rei</i>	6	<i>raíña consorte</i>
108	<i>notario público</i>	1	recadador
24	<i>notario público do rei</i>	1	refertoeiro
26	<i>notario xurado</i>	1	reformador
2	<i>notario xurado do rei</i>	1	regateiro
1	novizo	23	rei

46	reitor	73	<u>tenente</u>
4	rexedor	4	<i>tenente do Préstamo</i>
1	rico home	7	tesoureiro
1	sancristá	1	testamenteiro
14	sancristán	10	tía
2	secretario	13	tío
3	seleiro	3	titor
3	señor	2	touquinegra
6	servente	1	vaqueiro
1	servo de Deus	6	vasalo
2	sineiro	4	veciña
2	sobrexuíz	115	veciño
12	sobriña	11	vestiario
35	sobriño	1	vicearcediogo
1	socio do abade	1	vicenotario
4	sogra	11	<u>vigairo</u>
7	sogro	9	<i>vigairo xeral</i>
16	subceleireiro	1	visitador
5	subdiácono	2	vizconde
23	subprior	1	xastre
1	sucamareiro	10	xenro
1	superiora	1	xograr
26	<u>tabelión</u>	1	xudeu
11	<i>tabelión do rei</i>	95	<u>xuíz</u>
1	taberneira	1	<i>xuíz delegado do papa</i>
3	taberneiro	7	<i>xuíz do rei</i>
2	talabarteiro	1	<i>xuíz pesquisidor</i>
1	telleiro	6	xurado
1	tendeiro	56	zapateiro

7. As persoas, os seus nomes e sexo

Loxicamente as persoas físicas individuais son unha compoñente esencial da información transmitida polos manuscritos. Estes preséntannos, de acordo cos datos, en termos absolutos 1.865 antropónimos femininos e 9.637 antropónimos masculinos⁶¹. Agrupando os homónimos segundo a norma vixente temos 210 nomes de home distintos (alfabeticamente de *Abenmahfoth a Xustiniano*) e 73 de muller (de *Alda a Xusta*). En termos relativos colíxese entón que nun 16% das ocasións o fondo fala de mulleres e no restante 84% de homes.

É moi interesante comprobarmos a coherencia, que serve de contraste e confirmación dos datos concluídos, entre a proporción home/muller, consideradas tanto todas as persoas (once mil) como só aquelas descritas (sete mil). No primeiro caso vemos aquí que o desequilibrio é ese 84%/16%. Antes obtivemos unhas cifras tremendamente próximas: 82%/18%. Subliñemos que a fonte de ambos os pares de porcentaxes é distinta: a identificación masculina-feminina nas once mil persoas vén de valorar se o nome é por exemplo *Xoán* ou *María*. Porén a identificación de sexo nas sete mil persoas non procede do nome delas, senón de se a descrición di, pondo por caso, *criado* ou *criada*.

En calquera caso, a evidencia numérica dinos que os documentos de Montederramo falan moito máis de homes que de mulleres, a pesar de que precisamente a palabra *muller* é usada moitas veces.

Os nomes de pila masculinos que máis veces se dan son *Xoán* (1.882 veces), *Pedro* (1.580), *Domingo* (711), *Fernando* (706) e *Martiño* (607), tendo menos de cincocentas ocorrencias os que van a continuación. Os femininos van encabezados por *María* (en 611 ocasións), *Mariña* (255), *Tareixa* (182), *Maior* (121) e *Dominga* (105), tendo menos dun cento de casos os seguintes. Entre os nomes masculinos máis infrecuentes, que só aparecen unha volta, cóntanse *Ardicio*, *Garino* ou *Vivaz*. Entre os de muller, *Beenza*, *Éxilo*, *Pedroa* ou *Serra*, que tamén aparecen só unha vez.

8. Persoas por documentos

Un aspecto chamativo que pode pasar desapercibido é o número de persoas referidas nos documentos. Cada escrito pode aludir de un só a multitude de individuos⁶². Hainos

61 A suma dá os 11.502 antropónimos indexados que dicíamos antes.

62 De feito hai cinco documentos que nos datos do CCG carecen de persoas indexadas: os n.º 545, 697 (“non o transcribimos”, di a edición do CCG), 727 (“totalmente deteriorado”), 1.267 (“moi mal conservado”) e 1.406 (“non o transcribimos”). Aínda que os obviamos para os cálculos seguintes, levados a cabo considerando os restantes 1.901 escritos, deixamos constancia de que, salvo o primeiro –que efectivamente parece non conter antropónimo ningún–, dos outros anteditos si hai constancia de persoas, polo menos dentro da síntese feita polos investigadores: a do 697 alude a tres persoas, a do 727 a catro, a do 1.267 a unha (e a transcripción aínda a máis) e a do 1.406 a dúas.

efectivamente que só tratan dunha persoa, son así catro orixinais en concreto. Un deles é o n.º 23, un escrito breve que só fala de Huerus Pelagij (Huerus Paz).

Un tipo de manuscrito usual pode ter por exemplo os seguintes actores:

- quen enuncia, por caso o abade, que dita a carta en nome dunha parte;
- aquela persoa, habitualmente un home, a quen se destina o comunicado ou trámite, e encarna a outra parte do acordo;
- alúdese frecuentemente tamén á cónxuxe do destinatario;
- pode estar presente o prior na redacción do contrato;
- poden estar igualmente outros tres monxes como testemuñas;
- e mais algunha outra persoa e
- finalmente outro monxe que escribe a carta por mandado das partes.

No extremo encontramos as cartas executorias, n.º 1.881 e 1.887, que tratan de 123 e 163 persoas respectivamente. Fóra delas as dúas está, no terceiro lugar con máis xente, o documento n.º 189, que trata de 85 individuos. Canto á media xeral, é de catorce persoas por documento⁶³. 144 documentos cumpren exactamente esta medida, outros 1.146 escritos teñen menos persoas (entre unha e trece) e finalmente outros 611 teñen máis (entre 15 e o tope dos 163 que dicíamos). Tal como se observa no seguinte gráfico, a maioría dos escritos aluden a unha vintena de persoas ou menos, e moi poucos (17 de 1.906) superan os corenta individuos:




Ilustración 5. Distribución ordenada da cantidade absoluta de persoas referidas por documento.

Como ten sentido asumir que a probabilidade de mencións persoais aumenta co tamaño dos textos, imos finalmente estudar a relación entre ambas as variables:

63 A moda é 13, con 205 escritos dando esa marca. A mediana é igualmente 13. A desviación típica, 7,8.




Ilustración 6. Densidade ordenada da cantidade de persoas mencionadas en cada documento con relación á extensión do mesmo.

Obsérvase no gráfico precedente que moi poucos textos presentan máis dunha mención persoal por cada cen caracteres, e de feito máis da metade non chegan a cinco mencións por cada mil caracteres⁶⁴.

Para o final quédanos unha sorpresa, viamos antes que a tendencia do tamaño dos textos era a medrar co paso do tempo, porén o número de persoas mencionadas non vai a máis, senón a menos:




Ilustración 7. Densidade de persoas mencionadas en cada documento con relación á extensión do mesmo, por orde cronolóxica.

64 Contrastamos nomes, que son palabras, contra caracteres; mellor aínda sería medir nomes contra número de palabras. No apartado da métrica elemental dos documentos comentabamos como optáramos por medir en caracteres.

9. Conclusións

A explotación de metadatos é un proceso iterativo no que, co maior coñecemento adquirido das particularidades do fondo e co avance dos métodos, cada ciclo nos permite incrementar a calidade dos resultados a distintos niveis de certeza: por un lado, os cálculos exactos, depurando a interpretación da información e, polo outro, as estimacións aproximadas, mellorando os tratamentos masivos que por mor do seu volume serían incompatibles cun labor ou revisión manual. Nese sentido, os datos e contas de que dispomos agora son máis precisos que aqueles que acadabamos hai medio ano, e no futuro confiamos poder chegar alén. En calquera caso, entendemos este como un proceso dinámico de melloras sucesivas e non como un destino pechado. Desexamos que o conxunto dos descritores e parámetros expostos no noso artigo achegue pistas e suxira vectores de investigación e lectura ás persoas que se aproximen aos documentos de Montederramo. Sen os enunciados dos índices presentados e, sen a cuantificación en algarismos da súa relevancia en termos absolutos ou relativos, é posible que a existencia dalgunhas das categorías ou materias mencionadas non resultase obvia nin inmediata aos futuros investigadores e investigadoras, a quen confiamos ulteriores valoracións e conclusións como verdadeiros expertos na materia. Sendo a autoría do presente texto dun enxeñeiro informático, loxicamente a perspectiva non vai ser a mesma que a dun historiador ou filólogo mais a intención é que lles sirva a estes últimos e mais a outros perfís académicos para as súas propias investigacións, ficando na medida do posible ao dispor de quen for para consultas adicionais.

10. Esquema das fontes

Fonte concreta na edición do CCG, 2019	Nº de apartado neste artigo
Documentos, títulos	2. Criterio temporal
Documentos, títulos	3.1 Criterio xeográfico, outorgamentos
Índice toponímico	3.2 Criterio xeográfico, mencións
Documentos, corpos (transcricións)	4. Métrica elemental dos documentos
Documentos, presentacións (sínteses)	5.1 Asuntos, presentacións
Documentos, corpos (transcricións)	5.2 Asuntos, transcrición
Índice antroponímico	6. Descricións persoais
Índice antroponímico	7. Persoas, nomes, sexo
Índice antroponímico	8. Persoas por documentos

11. Siglas e abreviaturas

CA	comunidade autónoma
c ^a	comarca
CCG	Consello da Cultura Galega
d ^o	distrito
Lu.	Lugo
m ^o	municipio
Ou.	Ourense
p ^a	parroquia
PDF	Portable Document Format
pr ^a	provincia
r ⁿ	rexión
s.d.	sen data

12. Descarga da documentación

Todos os documentos de Montederramo se poden baixar nun único PDF, que contén o volume en papel e mais o contido do disco compacto do CCG, a partir da ficha en liña do libro *Mosteiro de Montederramo. Colección documental e índices*⁶⁵

<http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4340>

13. Agradecementos

